Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/23/2022	GOB16I0BF	
4F1J0S3O3508634P0ENR		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** MARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaseis de xuño de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O "REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE CIMADEVILA-CANTEIROS (O VAL)..**.-Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data 10/06/2022 a Xefa de Sección de Contratación elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código CON16I1KL que di:

"Na súa sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou participar no Plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) solicitada para a execución da obra denominada "Reforzo de rodadura no Camiño de Cimadevila-Canteiros (O Val)" cun orzamento total de 64.000,00 €, distribuídos en dúas actuacións: a propia obra, por importe total de 63.365,11 €, e o servizo de control de calidade, que significa un total de 634,89 €.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Con data 26 de abril de 2021 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) notificou a este Concello a resolución de concesión de axuda, segundo o seguinte cadro:

Orzamento aceptado	52.892,56 €	
% Axuda	80,08%	
Importe da axuda	42.358,00 €	
Anualidades	Anualidade 2021 (50%)	Anualidade 2022 (50%)
	21.179,00 €	21.179,00 €

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificados os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións *da Alcaldía*, do 25 de xuño de 2019, *sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local*. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a *solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente.* […] *En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de xustificación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado na convocatoria para xustificar a mesma, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita xustificación e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de xustificación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

SEGUNDO: Aprobar a conta xustificativa da subvención para o "Reforzo de rodadura no Camiño de Cimadevila-Canteiros (O Val)", nos seguintes termos:

"1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	**Concepto**	**Nº factura**	**Importe**	**Data emisión**	**Data recoñecemento obriga**
CANARGA S.L.	Certificación núm. 1	22 000062	8.549,06€	10/02/2022	01/04/2022

CANARGA S.L.	Certificación núm. 2	22 000158	40.843,94€	08/04/2022	10/05/2022
CANARGA S.L.	Certificación Final	22 000240	4.706,16€	31/05/2022	07/06/2022
CyE CONTROL Y ESTUDIOS S.L.	Control Calidade	Emit-22. 109	634,89€	28/02/2022	23/03/2022

”””

Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, estes tomaron razón segundo o documento adxunto de código ICO16I06S.

Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, esta Alcaldía

R E S O L V E :

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello.

Ante min
(Dou fe da identidade do asinante)
O secretario xeral
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli
10/06/2022

O alcalde acctal.
Guillermo Sánchez Fojo
10/06/2022

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 **.- <u>PROPOSTA DE APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO.</u>**.- Vista a proposta formulada que di asi: Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e patrimonio, que literalmente transcrito di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA:

A)ANTECEDENTES

Na oferta de emprego público ordinaria do ano 2022 aparecen reflictidas as seguintes prazas:

- 3 prazas de Administrativo, códigos 1300022, 1300048 e 1300049.

B) CONSIDERACIONS XURIDICAS-

- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Reglas Básicas e Programas Mínimos do Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións que sexan de aplicación.

C)INFORME PROPOSTA

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese o seguinte informe-proposta:

PRIMEIRO.- Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aproba-las seguintes bases específicas para a provisión de 3 prazas de Administrativo, incluídas na oferta de emprego público 2022

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO

1.- Clasificación das prazas.- Escala de Administración Xeral. Subescala: Administrativa.

2.-Número de prazas que se convocan.- 3

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo C1, nivel 16, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.

4.- Sistema de provisión.- Promoción interna por concurso oposición.

5.-Titulación esixida.- Bacharelato ou técnico.

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademáis os seguintes:

- Ser funcionario/a do Concello de Narón, pertencente ó grupo C2, Escala de Administración Xeral, Subescala: Auxiliar.
- Ter alomenos unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, de acordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

7.- Funcións do posto de traballo

Realizar tareas administrativas, de trámite e colaboración, en función das instruccións, normas ou procedementos establecidos.

Cometidos:

1. Tamitar expedientes da unidade administrativa.
2. Informatizar documentos da unidade.
3. Rexistrar e arquivar documentación.

4. Atender ao público.

5. Substituir ao persoal administrativo da unidade ou ao superior xerárquico no caso de ausencia ou por delegación das súas funcións.

8.- Dereitos de exame.- 8,57 euros.

9.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame
- Fotocopia compulsada dos méritos alegados

10.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

Presidente (titular e suplente).- Un/ha funcionario/a municipal.

Vocais (en número de tres).- Funcionarios/as de calesquera administración pública.

Secretario/a (titular e suplente).- Funcionario/a de carreira de calesquera Administración Pública/a

11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

FASE DE CONCURSO

A fase de concurso que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-la proba da fase de oposición.

Para o devandito concurso acompañarase relación circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos acreditativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.

Na devandita fase avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido, ata un máximo de 4 puntos:

Servicios prestados no Concello de Narón, en praza do grupo C2, Auxiliar Administrativo	0,5 puntos por ano traballado, ata un máximo de 2 puntos.
Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza	0,25 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos.
So se valorarán os cursos homologados oficialmente e impartidos por organismos públicos e centros autorizados.	

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formaliza-la solicitude de participación, presentando a documentación orixinal ou fotocopias compulsadas.

FASE DE OPOSICIÓN

Constará dun exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

EXERCICIO PRACTICO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas un exercicio práctico, a elixir de entre 2 propostos polo tribunal, relacionados co Anexo que se achega a estas bases.

Para realizar este exercicio os/as aspirantes poderán facer uso dos textos, documentación ou libros de consulta que consideren oportuno.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

A puntuación final obterase sumando as obtidas nas fases de concurso e de oposición.

ANEXO

1.- Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público.

5.- Lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos del Sector Público.

6.- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamento de Bens das Entidades Locai

7.- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

8.- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Intervido e conforme en data 07 de xuño de 2.022, documento INT16I0S7, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal propón á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es